

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Cal dos seguintes elementos non forma parte obrigatoria do contido mínimo dun Estatuto de Autonomía, segundo o artigo 147.2 da Constitución Española?**

- A) A delimitación do territorio da Comunidade Autónoma.
- B) A relación económica e fiscal específica co Estado.
- C) As competencias asumidas e as bases para o traspaso de servizos.
- D) A denominación, organización e sede das súas institucións propias.

**2. Segundo o artigo 53.2 da Constitución Española, que dereitos poden ser directamente tutelados ante os tribunais ordinarios por calquera cidadán, mediante procedemento baseado nos principios de preferencia e sumariedade?**

- A) Só os principios reitores do Capítulo III do Título I.
- B) Todos os dereitos recoñecidos na Constitución.
- C) Os dereitos do artigo 14 e da Sección primeira do Capítulo segundo do Título I.
- D) Exclusivamente os dereitos incluídos nos artigos 15 ao 29.

**3. En cal das seguintes situacións si estaría lexitimado un fiscal para recibir instrucións sobre o exercicio das súas funcións?**

- A) Cando as instrucións proveñan do Ministro de Xustiza por motivos de interese público.
- B) Cando se trate de ordes xerais emitidas pola persoa titular da Fiscalía Xeral do Estado, nos termos previstos no Estatuto Orgánico.
- C) Cando as instrucións sexan emitidas por un Xuíz Decano respecto a unha investigación en curso.
- D) Cando un superior xerárquico lle remita instrucións verbais sobre a resolución dun caso concreto.

**4. Que enunciado reflicte correctamente unha competencia ou facultade da Comunidade Autónoma no ámbito da Xustiza?**

- A) Pode organizar o funcionamento do Ministerio Fiscal en Galicia.
- B) Designa directamente a todos os xuíces e maxistrados do Tribunal Superior.
- C) Ten capacidade para participar en concursos de prazas xudiciais, e pode propoñer convocatorias.
- D) Pode crear xulgados especializados sen intervención do Estado.

**5. Cal das seguintes afirmacións é correcta en relación co funcionamento e competencias do Consello de Ministros e as Comisións Delegadas do Goberno?**

- A) As deliberacións do Consello de Ministros poderán ser públicas cando se trate de proxectos de lei que afecten a dereitos fundamentais.
- B) O Consello de Ministros pode acordar por si só a creación de Comisións Delegadas do Goberno mediante Real Decreto sen necesidade de proposta do Presidente do Goberno.
- C) O Consello de Ministros pode aprobar Reais Decretos–leis, pero require o ditame previo do Consello de Estado para a súa validez.
- D) As Comisións Delegadas do Goberno poden resolver asuntos que afecten a máis dun Ministerio sempre que non sexa necesario eleválos ao Consello de Ministros.

**6. Cal dos seguintes documentos non é obrigatorio para que unha entidade solicite o recoñecemento da galeguidade como comunidade galega?**

- A) Certificación nominal dos socios con vinculación acreditada con Galicia.
- B) Documento que acredite o recoñecemento da entidade no territorio onde estea establecida.
- C) Certificado do Consello da Xunta de Galicia aprobando o inicio do procedemento.
- D) Memoria económica e patrimonial con especial referencia a bens culturais relacionados con Galicia.

**7. Cal das seguintes funcións si corresponde á Xunta de Galicia segundo o artigo 4 da Lei 1/1983?**

- A) Aprobar por iniciativa propia leis orgánicas relativas a competencias exclusivas do Estado.
- B) Establecer por Decreto a convocatoria de eleccións ao Parlamento galego sen intervención do Presidente.
- C) Ditar Decretos legislativos en virtude dunha delegación expresa do Parlamento galego.
- D) Outorgar o beneplácito aos Decretos do Goberno central que afecten a Galicia.

**8. Cal das seguintes afirmacións non é correcta verbo ás actuacións do Valedor do Pobo?**

- A) As queixas orais deben ser transcritas e asinadas pola persoa interesada.
- B) A intervención de avogado e procurador é obrigatoria para presentar unha queixa.
- C) A actuación do Valedor do Pobo é gratuíta para o interesado.
- D) As queixas deben presentarse no prazo dun ano dende o coñecemento dos feitos.

**9. Segundo o artigo 17 da Constitución Española, cal das seguintes afirmacións sobre a detención preventiva é correcta?**

- A) A detención preventiva pode estenderse ata cinco días se o autoriza o xuíz instructor.
- B) O detido debe ser posto en liberdade nun prazo máximo de 48 horas, agás en caso de delitos graves.
- C) O prazo máximo de detención preventiva é de 72 horas, tras o cal o detido debe ser posto en liberdade ou a disposición xudicial.
- D) A Constitución non establece un prazo máximo, só indica que debe ser un tempo razoable segundo a gravidade do delito.

**10. Cal das seguintes materias non corresponde ao Tribunal Constitucional segundo o disposto na Lei Orgánica do Tribunal Constitucional?**

- A) O control de constitucionalidade dos tratados internacionais.
- B) A resolución de conflitos entre órganos constitucionais do Estado.
- C) O control de legalidade dos actos administrativos das Comunidades Autónomas.
- D) A verificación dos nomeamentos dos seus maxistrados conforme á Constitución.

**1. Segundo o marco legal vixente, cal das seguintes afirmacións é correcta en relación coa estrutura e funcións dos Ministros e Vicepresidentes?**

- A) Os Ministros sen carteira teñen a mesma estrutura administrativa que os titulares de Departamentos Ministeriais.
- B) O Vicepresidente non poderá asumir a titularidade dun Departamento Ministerial para evitar duplicidade de funcións.
- C) Os Ministros poden referendar actos do Rey, pero só en materias relacionadas co Consello de Ministros.
- D) A creación dunha Secretaría de Estado require a aprobación do Presidente do Goberno mediante Real Decreto.

**2. Segundo o artigo 147.3 da Constitución Española, cal das seguintes afirmacións é correcta en relación coa reforma dos Estatutos de Autonomía?**

- A) Pode levarse a cabo exclusivamente por iniciativa do Goberno autonómico, con maioría absoluta do Parlamento rexional.
- B) Esixe unicamente a aprobación por referendo na Comunidade Autónoma afectada.
- C) Debe axustarse ao procedemento establecido no propio Estatuto e ser aprobada mediante lei orgánica polas Cortes Xerais.
- D) Non require a intervención das Cortes Xerais se a reforma non afecta a competencias estatais.